

Después de las grandes guerras del siglo XX, los fenomenólogos que intentaron hacer de la filosofía una ciencia exacta, se plantearon qué sentido tenía vivir en una sociedad donde el sujeto viviese sin emitir juicios propios o plantearse la razón de sus actos. Parece que visto desde esa perspectiva, la actitud de Yayoi a la hora de producir piezas sea casi una respuesta automática: un ritual supersticioso. He visto a muchos artistas produciendo piezas en sus estudios con una mecánica similar a la cadena de montaje.

Si hay que entender la producción de arte como una forma terapéutica o técnica... o incluso artesanal – me ha costado escribir esa palabra, tengo prejuicios contra ella- quizás generemos controversia. Es muy injusto insinuar que la historia del arte, su filosofía y sus miles de años de tradición hayan sido un pretexto para estar distraídos. Sería más sencillo asumir que el artista “loco” que hace arte para curarse sólo es otra interpretación popular de una época con ideales dispersos. No nos confundamos. Abunda esta visión romántica de la decadencia. Sólo es otro indicio de nuestra tradición melodramática y no creo que moleste demasiado. Los artistas son un preciado emblema de comunidades prósperas. Incluso cuando esos artistas son irreverentes, excéntricos y se hallan habitando la difícil separación entre lo genial y lo ridículo, continúan siendo el exponente más adecuado de que nuestra civilización todavía tiene algo que decir más allá de la doctrina. Nada tan atractivo para estimular el pensamiento que las personas que se dejan llevar por sus pasiones individuales.

Me gustaría cerrar hablando de las repeticiones y las formas orgánicas de sus dibujos. Pero son esos delirantes lunares que Yayoi dice ver desde que era niña los que definen muy bien el carácter de la japonesa. Esos lunares que están en toda su obra. Cojamos un poco de aire y hagamos acopio de toda nuestra atención, porque es el momento de una interpretación oscura. Pienso que sus lunares son la proyección subconsciente de nuestras propias expectativas, del anhelo colectivo de hacer nuestro aquello que nos rodea. Una mirada vaga y pasional que se reduce al brillo exterior de las cosas y que se reproduce sin control de forma veleidosa. Como dejarse llevar por la agitación hasta el punto de terminar en un plató de televisión aplaudiendo a bufones, o en un estadio gritándole a un balón.

Esos puntos que Yayoi dice que ve en todas partes serían una forma de relacionarse con un mundo alienante y opresivo erigido sobre un imperio de emociones. Pero no creo que sea nada de esto. Me estoy columpiando.

Creo que ni ella sabe qué son esos puntos y tampoco está ahí para eso.

En Nueva York, en una galería de Chelsea tuve oportunidad de ver su pieza *Fireflies on the Water*. Una puerta da acceso a una sala hecha de espejos con pequeñas luces colgando, dando la sensación al espectador de estar flotando en medio del universo. Quizás fue en aquel momento cuando entendí el concepto de *obsesión* tal y como lo entiende Yayoi, como una prisión de belleza infinita. ■



Photo credit: <a href="https://www.flickr.com/photos/jeffweb/8373001539/">https://www.flickr.com/photos/jeffweb/8373001539/</a> / <a href="http://foter.com">http://foter.com</a> / <a href="http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.0/">http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.0/</a>

## O CINE DE COREA DO SUR: UNHA INDUSTRIA CHEA DE POSIBILIDADES

por Antía Cons Pequeño

O universo surcoreano é un lugar no que me introducín fai agora xa case seis anos, e foi todo gracias á música K-pop. Pero, como boa amante que son do cine dende que teño uso de razón, non tardei en ampliar as barreiras e internarme nas delicias dunha industria que nos últimos anos está atopando o seu lugar non soamente dentro da súa propia patria, senón tamén a nivel mundial.

O cine asiático xa era coñecido pola miña persoa dende facía anos, pero os meus coñecementos baseábanse basicamente na cinematografía chinesa e xaponesa. O cine coreano, como case todo o cine do sur este asiático, ten ese componente único e intimista que no mundo occidental soamente se chega a visualizar en filmes independentes e de lugares menos coñecidos internacionalmente, como o sueco ou o finés. É un cine máis escuro e profundo, que se interna nos recunchos máis recónditos da mente humana, pero tamén sabe mostrar as partes máis amables do ser humano dunha forma delicada e distinta á que nos ten acostuada a industria hollywoodiense.

Por suposto, non todo o cine coreano reflexa simplemente esas dúas visións tanto individualistas como da sociedade, senón que sabe fabricar historias máis amenas e lixeiras para o espectador; ese tipo de cine ó que nós estamos acostumbrados. Pero iso si, sempre sen perder ese toque do mundo asiático tan único e – practicamente- imposible de replicar.

Así pois, existe todo un abanico de posibilidades según o xénero que lle interese a cada un. Están eses grandes clásicos de case obrigatoria visión,

como é *Oldboy* (2003) e as dúas secuelas da triloxía *Venganza*, *Sympathy for Mr. Vengeance* (2002) e *Sympathy for Lady Vengeance* (2005). Outra película que pode que aínda non sexa considerada un clásico do cine surcoreano pero que está entre as miñas favoritas é *El hombre sin pasado* (2010), gañadora do premio Sitges no 2010 e unha das poucas que chegaron ata o noso mercado, así coma *Hierro 3* (2004).

Por outra parte, se che interesa o cine de acción ó estilo *Ocean's Eleven*, non podes perderte *The Thieves* (2012). Se che vai máis o thriller con muller fatal, podes ver *The Scent* (2012) ou, se polo contrario prefires o sobrenatural, *A Werewolf Boy* (2012) é a túa película – para min é das máis frouxiñas que vin, pero soe gustar bastante, e Song Joong Ki sempre logra namorar- ou *Psychic/Hunters* (2010). O cine surcoreano ten moito xénero histórico, e *King and the Clown* (2005) é unha das máis aclamadas, tanto pola calidade da película como por dar a coñecer a uns dos mellores – confeso que peço de biasismo- actores surcoreanos do momento: Lee Jun Ki.

Otra das miñas películas favoritas é *101 Architecture* (2012), un film que trata sobre o primeiro amor. De temática romántica, aínda que algo máis dramática – os surcoreanos son moi dados ó drama aínda que estean facendo comedia- é *Always* (2011). Podería seguir recomendando máis películas, pero creo que é mellor que vaiades descubriendo vos pola vosa conta, e estas son soamente algunhas das miñas películas predilectas. Existen multitude de grandes obras pero, xa que non as vin, prefiro non remitirme a elas.

Sen dúbida algunha, unha maneira sinxela de introducirse ó cine doutros lugares é a partir dos actores desas nacionalidades. Sen dúbida algunha todos vós coñecedes a algún actor ou actriz surcoreano, aínda que non o saibades. Nos últimos anos fóronse introducindo principalmente no mercado estadounidense, xa que nese país existe unha gran comunidade desta nacionalidade, e pouco a pouco vanse afastando desa imaxe arquetípica de “asiático de poucas palabras e moitas patadas” á que nos teñen acostumbradas as películas de acción.

Están os intérpretes tanto nados nos EEUU, de país emigrantes, ou que naceron en Corea pero emigraron sendo moi pequenos, e aqueles que lograron abrirse camiño dende a súa pequena península. No primeiro caso, están actores coma Tim Kang (*El Mentalista*), Daniel Dae Kim e Jun Jin Kim (ambos de *Lost*), Sandra Oh (*Anatomía de Grey*, *Bajo el sol de la Toscana* (2003)), John Oh (sagas de *Dos colgados muy fumaos* e *Star Trek*), Ken Jeong (triloxía de *Resacón en Las Vegas*), Daniel Henney (*X-Men Orígenes: Lobezno* (2009)) ou Jenna Ushkowitz (*Glee*).

Dentro do segundo grupo, os casos máis notables sexan quizais Bi/Rain (*Ninja Assassin* (2009), *The Prince* (2014)), Lee Byung Hun (*G.I. Joe: The Rise of Cobra* (2009), *RED 2* (2013), *G.I. Joe: Retaliation* (2014)) ou Bae Doo Na (*El Atlas de las Nubes* (2013)).

Un feito curioso dos intérpretes surcoreanos e que, na súa maioría, non restrinxen a súa área de traballo ó cine, senón que en múltiples ocasións enlazan proxectos cinematográficos cos denominados “dramas”, as miniseries ou telenovelas que tanto furor teñen en Corea do Sur e que, en moitos casos, son outra fonte para introducirse neste pequeno país. Sen embargo, hai que ter en conta a gran restrición que o goberno fai sobre todo o que se emite na televisión, especialmente nas cadeas públicas, polo que estas series soen representar temas máis amables e edulcorados da realidade. Aínda así,

son unha gran fonte de entretemento e incluso de coñecemento do funcionamento da sociedade surcoreana, bastante máis tradicional cá nosa en moitos aspectos.

Pero volviendo ó tema filmico, os actores non son os únicos en gañar recoñecemento a nivel internacional, senón que outros profesionais da industria contan tamén cunha fama cada vez maior. Im Kwon Taek é un dos directores máis importantes, gañador dun premio Cannes ó mellor director e un Oso de Oro honorífico no 2005. Park Chan Wook é un dos nomes máis afamados gracias en gran medida á súa saga *Venganza*, nomeada previamente, e que se introduciu fai uns anos no cine americano (*Stoker* (2012)). Tamén están Kim Ki Duk (*Hierro 3* (2004), *Primavera, verano, otoño, invierno... y primavera* (2003)) e Kim Ji Woon (*A Bittersweet Life* (2005), *Encontré al Diablo* (2010)), ambos con estilos moi distintos pero igual de bos nas súas distintas variantes.

O único inconveniente é poder atopar moitos destes títulos dobrados ó castelán, pero é moito máis doado se che gusta ver o cine en versión orixinal, e aínda o é máis se non che importa ler os subtítulos en inglés, sempre gracias á gran cantidade de coreanos que viven nos EEUU e outros países anglófonos.

Así pois, non o pensedes máis. Se sodes dos que pensan que o cine asiático trata soamente sobre xente voando mentres loita con espadas, non dubidedes en investigar no universo surcoreano. Unha vez entredes nel, o máis seguro sexa que non queirades saír. Ou non poidades. ■



» Ilustración de Bento.